

Ermo e conventillo

Poesía A pluma de Luís G. Tosar talla maquieiros, ebanistas ou cavadores que vivifican a memoria

Estúrdiga materia ·
Luís González Tosar ·
Galaxia, 2008 ·
118 páx · 22 euros



Podemos concentrar a substancia do último libro do Luís G. Tosar (*Estúrdiga materia*) nunha feliz imaxe que figura no poema liminar, onde o autor pon a súa poética en boca de Eduardo Blanco Amor: *cunca de mel con formigas arredor*. Imaxinamos ese mel atorroado, escuro se for libado nos castiñeiros en flor, branco se viñese do sul montañés, de serras tapizadas de romeu. A cunca de barro amarelo ou rubio esquecida sobre a artesa dunha cociña dantes, co seu alzadeiro, coa gramalleira, coa lareira afumando o canizo e os ollos engradados, coas paredes renegridas de socarrío e o chao de terra repisado polas chancas (*chan onde repousa o espanto*). Hai toda unha sección do poemario dedicada á resignación dos ermos. O espanto -en sentido portugués e español, marabilla e terror- de asistir a unha extinción, mesmo musical (*ninguén asubía nas congostras*) dun mundo. Estamos diante dunha poesía máis elexíaca que hímica, pero non achará o lector ocasión de arrebolarse no zudre da saudade a

pesar dos calafríos que toman o fío do lombo cando nos defrontamos ao tempo recobrado. Como nun libro de moi ricas horas, comparecen os traballos e os días, os apeiros agrícolas mais tamén as ferramentas de numerosos oficios: tarrancha e trencha carpinteiras, pauferro e cantillón dos arguinas, restrelo e sarillo, espadela e fuso de tecedeira... Todo este activismo comunica un entusiasmo de Whitman fabril e febril, aínda que o poeta noso non conte co pulo dunha nación moza animada polo designio prometeico de dominar a natureza e a historia, malia que estea a evocar labours extintas, dotadas de movemento polas augas represadas na chapacuña da imaxinación. Algunhas momias exipcias eran enterradas con figuriñas de labregos, pegoreiros e artesaos, miniaturas coa encomenda de traballar no Alén pra prover ao sustento do embalsamado. A pluma de Tosar, gubia que labora a repelo do esquecemento, talla maquieiros, cravuñadores, ebanistas, carreteiros ou cavadores que vivifican a memoria dun pobo sen historia.

Se os versos que invocan a paisaxe rural lembran os temas de Giorgione (penedos, carballos, crepúsculos e meteoros), aqueloutros iluminados pola *acoitelada luz de conventillo* poderían ilustrarse cos patios interiores pintados por Santiago Rusiñol, coas paredes deslavadas, dun azul

húmido, polas sofocantes perspectivas curtas que encortellaron a infancia do poeta en Buenos Aires, onde coñeceu a melancolía do proletariado (tales conventillos habíao tamén en Ourense, nos barrios baixos do *desarrollismo* franquista) agrava da pola sensación de estranxeiría.

Prescindindo dalgunhas pezas de ocasión, o libro aínda aborda outros dous asuntos que, en verdade, cabe reducir a un mesmo pulo fáustico: a beleza da mocidade e o presentimento da morte. O Tosar non permanece nunca moito tempo na gravidade e, por parte de obsequiar-nos con hilarantes golpes de humor, canta os estragos da caducidade e a *terribilità* da historia persoal ou colectiva non con pena lorquiana senón con *gioia* pasoliniana.

Non se deixan ver demasiadas influencias, alén da ferriniana nalgunhas pasaxes, un residuo epigonal prescindible porque o autor posúe dous talentos (a capacidade de intercambiar olladas co abismo e un prodixioso oído pra captar o xenio da lingua) que lle permiten soerguer unha obra inspirada polo anxo do singular. Ente tantas liridades escritas por almas cándidas e tanta avangarda que non é senón tinta de lura destinada a camuflar o baleiro, esta poesía achega un idioma capturado por un burato negro, do que apenas sobrevive a radia-



Lareira. // Ksado

ción de fondo, unha materia escura apañada en agros analfabetos e revelada coa forza dun lostrego. Achega tamén un eco de malditismo que sen dúbida irritará a máis

de catro cursidosos. Será preciso lembrar que o Che aínda non marchou pra África, a traficar con armas e escravos, como fixo o celebrado Rimbaud? // **Bieito Iglesias**